

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO PARA O PAGAMENTO RESULTANTE DO AUTO DO 02.09.2022 DITADO NO PROCEDIMENTO ORDINARIO NÚM. 111/2019 DO XULGADO CONTENCIOSO-ADTVO Nº1 DE LUGO QUE RECTIFICA A SENTENCIA DE 12.11.2020 NO SENTIDO DE CONDEAR A ADMINISTRACIÓN DEMANDADA A ABOAR A VIESGO ENERGÍA, S.L. A CANTIDADE DE 35.214,95 EUROS NO LUGAR DE 32.214,95 EUROS.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 20-2022, por un importe total de 3.000,00 €, dentro do vixente orzamento 2022 desta Corporación, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas do pagamento resultante do auto do 02.09.2022 ditado no procedemento ordinario núm.111/2019 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº1 de Lugo que rectifica a sentencia de 12.11.2020 no sentido de condear a Administración demandada a aboar a VIESGO ENERGÍA, S.L. a cantidade de 35.214,95 no lugar de 32.214,95 euros.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm.: 2022/1437 do 23.09.2022 así como RCMOD núm: 202200061479 do 22.09.2022, por un importe total de 3.000,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 3.000,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
16510.21300	3.000,00 €	16510.35200	3.000,00 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac4935396113635767792.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 20-2022 Auto Viesgo

TOTAL CRÉDITO CEDIDO	3.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	3.000,00 €
-------------------------	------------	-----------------------------------	------------

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.